

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

## MINISTERIO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE

**3174** *Corrección de erros do Real decreto 656/2017, do 23 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de almacenamento de produtos químicos e as súas instrucións técnicas complementarias MIE APQ 0 a 10.*

Advertidos erros no Real decreto 656/2017, do 23 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de almacenamento de produtos químicos e as súas instrucións técnicas complementarias MIE APQ 0 a 10, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 176, do 25 de xullo de 2017, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 6, artigo 1, ao final do primeiro parágrafo, onde di: «..., así como almacenamentos de establecementos comerciais e de servizos que non sexan de pública concorrencia.», debe dicir: «..., así como almacenamentos de establecementos comerciais e de servizos, que non sexan de pública concorrencia.»

Na páxina 36, cadro III-5, elimínanse as notas 3 e 4.

Na páxina 106, apéndice 1, elimínase a nota (1), que di: «(1) Non hai correspondencia segundo a táboa 1.1. do anexo VII do Regulamento CE n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008.»

Na páxina 116, táboa V, segunda liña, onde di: «Inflamables, comburentes. Distancias (metros) a», debe dicir: «Inflamables, comburentes e inertes. Distancias (metros) a».

Na páxina 116, nas notas, nota 9, onde di: «9. Segundo o artigo 5 d).», debe dicir: «9. Segundo o artigo 5.4.».

Na páxina 125, artigo 2.1, letra a), onde di: «... cantidade total almacenada de 200 l de subcategoría 1A, 400 l subcategoría 1B, 1.000 l subcategoría 1C e 1000 l de H290.», debe dicir: «... cantidade total almacenada de 200 l de clase 1A, 400 l de clase 1B e 1000 l de clase 1C, de acordo coa clasificación indicada no artigo 3.»

Na páxina 131, artigo 14.5, onde di: «Tampouco lle será de aplicación a alínea a) do artigo 12,...», debe dicir: «Tampouco lle será de aplicación o número 1 do artigo 12,...».

Na páxina 173, artigo 20.3, alínea b), liñas segunda e terceira, onde di:

«A TDAA do peróxido contido no recipiente é de 55 °C ou inferior ou Constrúese con aluminio.»,

debe dicir: «A TDAA do peróxido contido no recipiente é de 55 °C, ou inferior, ou se se constrúe con aluminio.».

Na páxina 194, o encabezamento da táboa, onde di:

«1	2	3	4	5	6
Anexo I CLP	Clase de perigo	Categoría	Indicación de perigo Aplicación RAPQ	Capacidade de almacenamento (1)	Execución proxecto»

debe dicir:

«1	2	3	4	5	6
Anexo I CLP	Clase de perigo	Categoría	Indicación de perigo	Capacidade de almacenamento (1)	
				Aplicación RAPQ	Execución de proxecto»

Na páxina 201, artigo 20.1, segundo parágrafo, terceira liña, onde di: «... ao exterior a unha vía segura de evacuación...», debe dicir: «... ao exterior ou a unha vía segura de evacuación...».

Na páxina 203 no encabezamento da táboa II, segunda columna, onde di:

«h máx (m)  
(1)»

debe dicir:

«H máx (m)  
(1)»